

ACTA NÚM 1/2021 DA COMISIÓN MUNICIPAL DE SELECCIÓN CONSTITUIDA PARA LEVAR A CABO O PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO ALUMNADO-TRABALLADOR E O PERSOAL DIRECTIVO, DOCENTE E DE APOIO DO OBRADOIRO DE EMPREGO “BRAÑAS DO ILLÓ-RÍO SAMO V”.

En representación das Entidades locais que integran o Obradoiro de Emprego: Frades, Mesía e Ordes, sendo éste último concello o promotor do proxecto:

Presidenta: Dona Yolanda Cela Villaverde, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Ordes.

Vogal: Dona María José Sesmonde Quinteiro, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Mesía.

Vogal: Dona Pilar Carro Veiras, Axente de emprego e desenvolvemento local do Concello de Frades.

No Concello de Ordes, sendo ás 10:30 horas do día 11/08/2022 constitúese a Comisión Municipal de Selección que realizará o proceso selectivo para a contratación laboral temporal do persoal do Obradoiro de Emprego “Brañas do Illó-Río Samo V” coas especialidades de AGAR0309 (Actividades Auxiliares en conservación e mellora de montes) e AGAR0208 (Repoboacións forestais e tratamentos silvícolas). Coa seguinte Orde do día:

Punto primeiro: Declaración de que ningún dos membros da Comisión de selección ou Comisión Municipal de Selección está interesado en formar parte do Obradoiro de Emprego e de non estar incurso en ningunha das causas de abstención que lles son de aplicación.

Punto segundo: Lectura e aprobación das bases e baremos que rexerán os procesos selectivos, coas seguintes puntualizacións ás bases:

- Dentro experiencia profesional para Director de obradoiro de emprego valorarase a tamén as funcións relacionadas como mestre de especialidade (da rama agrícola ou forestal) dentro dun o.e. e/ou de formación ocupacional no apartado de experiencia profesional fóra de obradoiros de emprego e/ou formación ocupacional cunha puntuación máxima de 4 puntos, xa que se entende por este Comisión Municipal de Selección, que os profesionais agrícolas ou forestais teñen implícito no desempeño da súa profesión estas competencias ou funcións.
- Dentro da experiencia profesional para mestre da especialidade valorarase a experiencia como docente tanto fora de o.e., escolas obradoiro ou formación ocupacional con 4 puntos e a experiencia dentro de o.e., escolas obradoiro ou formación ocupacional con 5 puntos.
- Dentro da experiencia profesional para mestre de especialidade do obradoiro valorarase a experiencia no posto de capataz ou xefe de brigada. Non se terá en conta para mestre a experiencia no posto de peón forestal.
- Dentro da experiencia profesional en todos os postos non se valorarán as prácticas realizadas dentro dunha acción de formación ou similar. Só se valorarán as prácticas que teñan o seu reflexo na vida laboral.

- En relación coa formación para o persoal directivo, docente e de apoio, valoraránse os cursos de formación transversal, que teñan algún tipo de relación co posto a desempeñar.

Punto terceiro: Acórdase a publicación das bases e baremos que rexerán do proceso selectivo e o baremo dos alumnos traballadores e do persoal directivo, docente e de apoio nas oficinas de emprego de Ordes e tamén nos concellos de Ordes, Mesía e Frades e nas súas correspondente páxinas web e taboleiros de anuncios electrónicos o día 11/08/2022.

Punto Cuarto: Toma de decisións respecto aos criterios a seguir para a selección do alumnado-traballador e do persoal directivo, docente e de apoio.

Oferta do alumnado-Traballador:

- Solicitar como mínimo, se é posíbel, 3 candidatos por posto de traballo.
- Solicitar á Oficina de Emprego de Ordes candidatos maiores de 18 anos que requiran algún dos servizos **340,320 ou 370**.
- Aprobar o baremo, que se publica nas bases para a selección de alumnos.
- Presentar a oferta de solicitude de candidatos/as na Oficina de emprego de Ordes o día 01/09/2022.

Oferta de persoal directivo, docente e de apoio:

- Presentar a oferta de solicitude de candidatos na Oficina de Emprego de Ordes o 11/08/2022.
- Solicitar um mínimo, se é posible, un máximo de 10 candidatos por posto, , desempregados ou em mellora de emprego.

Director e Mestres da especialidade de forestal:

Titulación: rama agrícola ou forestal.

Experiencia mínima: 12 meses na ocupación dentro do ámbito agrícola ou forestal.

Ámbito da sondaxe: segundo as bases.

Mestre-titor:

Titulación: mestre en educación primaria.

Ámbito da sondaxe: segundo as bases.

Auxiliar Administrativo:

Titulación: Técnico en xestión administrativa ou similar.

Coñecementos informáticos: Nivel Superior.

Experiencia mínima: 36 meses

Ámbito da sondaxe: segundo as bases.

Punto quinto: para a acreditación da experiencia laboral será necesario aportar o informe de Vida Laboral e contratos e/ou certificados de empresa nos que os períodos traballados coincidan exactamente cos que figuran na vida laboral.(actualizada a anualidade de 2022).

Punto sexto: Dentro da valoración de cursos de formación só se valorarán cando se presenten cursos do mesma especialidade o máis recente.

Punto Sétimo: Calendario previsto de actuacións:

A Comisión Municipal de Selección propón o seguinte calendario de actuacións:

- Publicada a concesión do obradoiro dual de emprego por parte da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade e ata o 13 de agosto (persoal) e 01 de setembro (alumnado-traballador) de 2022 a Comisión de Selección Municipal abriu un prazo de información para as persoas que desexaran anotarse ao Obradoiro Brañas do Illó-Río Samo V e que non se anotaran ao mesmo anteriormente, para que puideran realizar a súa solicitude na Oficina de Emprego de Ordes.

- Do 22 de agosto ata o 29 de agosto 2022: prazo de entrega da documentación na sede electrónica do concello de Ordes, entidade promotora do proxecto tanto para o persoal directivo, docente e de apoio coma para o alumnado-traballador.

-Día 05 e 06 de setembro: entrevistas do persoal directivo, docente e de apoio.

-Día 12 e 13 de setembro: entrevistas de alumnado-traballador dos concellos de Frades, Mesía e Ordes.

-Día 8 de setembro de 2022: publicación do listado coas notas da entrevista do persoal directivo, docente e de apoio, do obradoiro de emprego.

-Día 9 de setembro: publicación da listaxe de puntuacións provisionais total (méritos e entrevista) do persoal directivo, docente e de apoio, do obradoiro de emprego.

-Día 15 de setembro: publicación do listado coas notas da entrevista do alumnado-traballador do obradoiro de emprego.

-Día 14 de setembro: publicación listaxe puntuación definitiva do persoal directivo, docente e de apoio.

-Día 16 de setembro: publicación da listaxe de puntuación provisional total (méritos e entrevista) do alumnado-traballador do obradoiro de emprego.

-Día 21 de setembro: publicación listaxe puntuación definitiva total do alumnado-traballador.

Lugares de publicación das listas. Nos taboleiros de anuncios da oficina de emprego de Ordes e dos concellos de Ordes, Frades e Mesía e/ou as páxinas web dos tres concellos e nos taboleiros electrónicos dos tres concellos.

Levántase a sesión sendo ás 10:45 horas.

Vº e pr.

A aedl do concello de Ordes,
Asdo: D^a Yolanda Cela Villaverde.

A aedl do concello de Frades,
Asdo: D^a Pilar Carro Veiras.

A aedl do concello de Mesía,
D^a María José Sesmonde Quinteiro.